



inauguración

Rogelio Groba # 85
visións sonoras dunha vida

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA
ROGELIO GROBA director
DAVID FERNÁNDEZ trompa

CIDADE DA CULTURA / MUSEO CENTRO GAÍAS
SÁBADO 10 OUTUBRO 19.00

Logo dunha vida dedicada á composición, Rogelio Groba atesoura un catálogo que se achega aos 700 títulos nos que presenta facianas moi diversas, xa que ao longo de todo este tempo abrangueu a práctica totalidade de xéneros musicais e unha rica variedade estética. En palabras do propio compositor natural de Pontearas que cumpre 85 anos de intensa actividade, "o emprego dunha linguaxe ou doutra vén motivado polo contido de cada obra". A Orquestra de Cámara Galega amosa neste concerto homenaxe tres das linguaxes estéticas máis habituais de Groba: unha que poderíamos considerar neobarroca (*Intres Boleses*, 1978), outra de perfil neorromántico con toques etnográficos (a suite *Grovios*, 2004) e a terceira máis persoal, expresiva e sentimental (o concerto para trompa *Lembranzas diverxentes*, 2014).

Rogelio Groba (1930)
Intres boleses (1978)
Lembranzas diverxentes (concerto para trompa) (2014)
Grovios (2004)

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Música aos 50... Rodeiro # González

GRUPO INSTRUMENTAL SIGLO XX
FLORIAN VLASHI director

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
MARTES 13 OUTUBRO 20.30

As Xornadas de Música Contemporánea de Santiago queren sumarse á celebración do 50º aniversario de Manuel Rodeiro e Jesús González nunha homenaxe a dous dos compositores máis representativos da música galega actual. Máis que o arbitrio dunha data, a Rodeiro e González úneos unha traxectoria común, á vez independente, e comprometida, tanto coa propia creación como coa difusión da música contemporánea en Galicia. Artífices dunha obra que o paso do tempo fixo recoñecida e recoñecible, a forza revitalizadora e a dimensión enerxética da música de Rodeiro atopa o seu correlato na quietude meditativa e transformación pausada da obra de González, nunha relación de opostos que se complementa á perfección.

Jesús González (1965)
*Cantiga*** (2011)*
Cantiga 2 (2012)
*Cantar Xemendo** (2013)*
Barco (2015)*

Manuel Rodeiro (1965)
Luar (1990)
Fragmentos de un mar de além... (1992)
Impromptu (2005)
Rumor infinito (2015)*

* estrea absoluta / encargo CNDM
** estrea absoluta

*** estrea da versión para violoncello e piano

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



necessità d'interrogare il cielo
son # espazo # corpo # luz... un novo instrumento

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

IGREXA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL
MÉRCORES 14 OUTUBRO 20.30

"É a especificidade do corpo do instrumento o que me interesa, o instrumento como unha vía de saída cara á que dirixirse para realizar unha lectura do mundo a través do son. O que máis me atrae é como o son pode cambiar inesperadamente do tradicionalismo máis arraigado á máis ousada experimentación mentres o seu corpo permanece imperturbable"... o compositor milanés Giorgio Netti contextualiza así o seu ciclo *necessità d'interrogare il cielo*, concibido para saxofón soprano, que interpreta Pablo Coello, director musical de Vertixe Sonora, *ensemble* convertido en referente para a última xeración de compositores que atopan nas súas producións a oportunidade de desenvolver achegas musicais nunha perspectiva artística global.

Giorgio Netti (1963)
necessità d'interrogare il cielo (1996-99)
ciclo para saxofón soprano só

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Pablo Coello saxofón soprano
Octavio Mas espazo escénico / iluminación

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Catro pezas febrís...
que é a música hoxe?

KONTAKTEduo

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
VENRES 16 OUTUBRO 20.30

Coa súa actitude de (re)descubrimiento e (re) interpretación o novo dúo galego-portugués KONTAKTEduo reúne tres perspectivas distintas de son, gramática musical, xesto e intención: o virtuosismo técnico do neozelandés John Psathas en *Happy Tachyons*, a obsesiva escrita do *Tombeau* do francés Philippe Hurel e o xogo de ataque/resonancia das *Quatre Pièces Fébriles* do grego Georges Aperghis. *Pneuma XI*, do norteamericano Daniel Steffey, abre o concerto nunha tentativa de desafiar as fronteiras da interpretación/composición, instrumentista/músico, músico/home... KONTAKTEduo pretende cuestionar que é a música hoxe.

Daniel Steffey (1986)
Pneuma XI (2014)
Georges Aperghis (1945)
Quatre Pièces Fébriles (1995)
Philippe Hurel (1955)
Tombeau in memoriam Gérard Grisey (1999)
John Psathas (1966)
Happy Tachyons (1996)

KONTAKTEduo
Carlos Puga percusión
Patricia Martins piano

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



estrelas variables
Boulez e a creación en España, hoxe
SONIDO EXTREMO
JORDI FRANCÉS director
ANDRÉS GOMIS saxofón

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
SÁBADO 17 OUTUBRO 20.30

Dúas estreas absolutas de José Río-Pareja e Juan Cruz-Guevara forman o eixe central do programa do xunto estreameño Sonido Extremo centrado na creación española dos últimos anos. Neste percorrido escoitaremos ademais *Dérive I*, unha das últimas composicións do período máis produtivo do nonaxenario director e compositor francés Pierre Boulez. O compositor vigués Eduardo Soutullo, un clásico da música contemporánea española como Luis de Pablo e unha das últimas obras do madrileño Jesús Rueda completan un ilustrativo programa.


Luis de Pablo (1930)
Música para Mario (2009)
Pierre Boulez (1925)
Dérive I (1984)
José Río-Pareja (1973)
Estrellas variables (2015)*

*estrea absoluta / encarga CNDM

SONIDO EXTREMO
Jesús Gómez frauta
Alfonso Pineda clarinete
Javier Glez percusión saxofón
Victor Segura percusión

Beatriz González piano
Joan Alonso violín
Óscar Fernández zanfona
Enrique Hoyos violoncello

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



bestiario traído...
apollinaire # poulenç # dufy

pablo_seoane_trem

TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 18 OUTUBRO 20.00

Le Bestiaire de Apollinaire-Poulenc-Dufy é unha obra creada a partir do ciclo de cancións do mesmo nome que Francis Poulenc compuxo en 1919. Pero non é esta achega do activo e creativo pianista, compositor e músico de jazz ferrolán Pablo Seoane unha mera interpretación dese ciclo, senón que as súas cancións serven de xerme para unha composición de maior duración, inspirada na obra dos tres autores nun sentido máis amplo que engade imaxe á palabra e ao son... *Bestiario* é o segundo proxecto do pablo_seoane_trem e, tamén, o segundo que estrea no marco destas Xornadas de Música Contemporánea.

Francis Poulenc (1880-1918) | Pablo Seoane (1968)
*Le Bestiaire (1919 / 2015) **

* estrea absoluta

pablo_seoane_trem
Carmen Gurriarán soprano
Pablo Seoane piano
José Manuel Díaz contrabaixo
Óscar Fernández zanfona
Iván Barreiro / David Silva artes visuais

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



charla-concerto

o violín contemporáneo...
unha nova técnica para a nova música

FLORIAN VLASHI violín

OS LUNS DO ATENEO / AFUNDACIÓN
LUNS 19 OUTUBRO 20.00

Na historia da música sobran referencias ao aspecto non humano, referencias ao diabólico do son dun instrumento... o violín. Esta visión do instrumento ben pode ter que ver con dous aspectos inexplicables pola súa contradición: a súa enigmática forma, que practicamente non mudou nada dende a súa orixe hai case medio milenio, e a súa infinita capacidade de adaptarse a cada estilo de música de calquera época... John Cage escribía: "estou máis confundido que nunca sobre as posibilidades case ilimitadas do violín". Conferencia? Concerto? Depende tamén de vostedes... Florian Vlashi axudanos a descubrir outra cara, actual, dun instrumento intemporal, o violín...

obras e fragmentos de Olivier Messiaen,
Iannis Xenakis, George Crumb, John Cage,
Karmella Tsepkenko, Vaso Tole*, Pierre Boulez,
compositores españois e galegos...

* estrea absoluta

ENTRADA LIBRE ATÉ COMPLETAR O AFORO



Elementa!
a máxica forza primixenia dos elementos

ZOAR quinteto de ventos
ALFONSO RIVERA teatro físico
XIANA VILAS teatro físico
ANA INÉS JABARES escena

SALÓN TEATRO
MARTES 20 OUTUBRO 20.30

No século X, Byrhtferth de Ramsey, un monxe inglés de entre os máis eruditos e influentes da Inglaterra medieval, relacionou nun enigmático diagrama os catro elementos, as catro estacións do ano, os doce meses, as doce fases da lúa, os doce signos do zodíaco, os doce ventos e as catro idades do home... Desta idea de interrelacionar conceptos tan diversos como próximos, xorde *Elementa!*, iniciativa do quinteto Zoar con música expresamente composta polos galegos Fernando Buide e Federico Mosquera para un proxecto no que se conxugan tres disciplinas artísticas co obxecto de crear un espectáculo profundo e intenso, cheo de forza e temperamento, sutileza e intimidade, coa ollada posta na maxia do primixenio de tan evocadora temática.

Federico Mosquera Martínez (1965)
Ignis et Terra (2015)*
Fernando Buide del Real (1980)
*Aqua et Aer** (2015)*

* estrea absoluta / encarga do CNDM
** estrea absoluta / encarga de Zoar

ZOAR
Joan Ibáñez frauta
David Villa óboe
Antonio Suárez clarinete
Benjamín Iglesias trompa
Álex Salgueiro fagot

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA



Somos memoria...
conversa a propósito da creación de Siempre/Todavía

ALBERTO CORAZÓN & ALFREDO ARACIL

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
MÉRCORES 21 OUTUBRO 20.00

Como preámbulo e presentación da estrea de *Siempre/Todavía* propoñemos un encontro cos seus creadores... O CGAC acolle unha conversa entre/ con Alberto Corazón (artista plástico) e Alfredo Aracil (compositor), ilustrada con imaxes da obra, na que poderemos descubrir a xénese e o proceso creativo desta "ópera sen voces". Con total seguridade contribuirá a un goce pleno da estrea de *Siempre/Todavía* que estas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago compartan co Museo Universidad de Navarra.

ENTRADA LIBRE ATÉ COMPLETAR O AFORO



Frankenstein!!
pan-demonium "macabro e humorístico"
de HK Gruber

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
JULIÁN HERNÁNDEZ chansonnier
DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ director

AUDITORIO DE GALICIA
XOVES 22 OUTUBRO 21.00

Frankenstein!! é teatro musical, cabaré, ópera... iso e máis. HK Gruber atravesas as barreiras entre xéneros na estela dos heroes de cómic e iconas cinematográficas que enchen os versos de H. C. Artmann. As fantasías infantís mestúranse con pesadelos de adultos na medida en que atopamos a Frankenstein, vampiras, a Superman ou a Batman, en situacións que van do macabro ao humorístico. A desmitificación de Artmann dos heroicos viláns ou dos vilanes-cos heroes, nuns textos que a primeira vista suxiren unha atmosfera inxenua e de inocente felicidade, atopan un paralelo musical na persistente alienación do son orquestral convencional mediante o recurso aos instrumentos de xoguete cuxo papel principal é musical máis que cómico.


Thea Musgrave (1928)
Night Music (1969)
George Antheil (1900-1959)
Serenade II (1949)
HK Gruber (1943)
Frankenstein!! (1976-77)
pan-demonium para chansonnier
e orquestra sobre textos de H. C. Artmann

10 €

XORNADAS DE
MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2015

■ SANTIAGO DE COMPOSTELA
OUTUBRO 15





Siempre/Todavía

ópera sen voces de
Alfredo Aracil e Alberto Corazón

JUAN CARLOS GARVAYO

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
VENRES 23 OUTUBRO 20.30

Siempre/Todavía é un espectáculo singular en que xunto á música de Alfredo Aracil, para piano solo, as imaxes de Alberto Corazón, proxectadas sobre unha pantalla, nos van pouco a pouco desvelando un texto... A súa materia prima son unhas anotacións do propio Alberto Corazón nos seus cadernos de viaxe durante unha transcendental estada en Damasco antes da traxedia que hoxe a asola. Os seus autores definen Siempre/Todavía como unha "ópera sen voces" na que podemos falar de certo relato, o dun personaxe indefinido (un artista, un espectador, calquera de nós) ao que vemos dende o seu interior...

Alfredo Aracil (1954) | Alberto Corazón (1942)

Siempre/Todavía * (2015)

ópera sen voces

guión de Alfredo Aracil a partir dos textos

de Damasco Suite de Alberto Corazón

* estrea absoluta /
encarga da Universidad de Navarra e o CNDM
espectáculo producido polo Museo Universidad
de Navarra (MUN), co CNDM e META/CCIÓN

Alberto Corazón imaxes

Alfredo Aracil música

Simón Escudero realización multimedia

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

doubles...

música contemporánea para clarinete

XOCAS MEIJIDE CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN

narrador

IGREXA DA UNIVERSIDADE

SÁBADO 24 OUTUBRO 20.30

Joaquín Meijide, máis coñecido como Xocas, é un versátil e inquedo clarinetista galego, apaixonado da música contemporánea e de cámara, cunha traxectoria avalada, entre outros moitos argumentos, polo prestixioso galardón Henri Selmer para clarinete baixo... Co poeta Celso Fernández Sanmartín como cómplice compañeiro de viaxe, Xocas presenta en Doubles un singular programa con obras para clarinete e clarinete baixo (unha obra por instrumento e compositor) de referencias das vangardas musicais do século XX, como o italiano Luciano Berio ou o norteamericano Elliott Carter, e creadores de diferentes recunchos do mundo, algúns clarinetistas, que atoparon unha frutífera fonte de inspiración neste instrumento.

Patrick Van Beurzen (1964)

Ceux qui sont venus du ciel (2006)

Four solos for bass clarinet (2000-01)

Isang Yun (1917-1995)

Piri (1971) / Monolog (1983)

Donald Martino (1931-2005)

A Set (1954) / Strata (1966)

Luciano Berio (1955-2003)

Sequenza IXa (1980) / Sequenza IXc (1998)

Elliott Carter (1908-2012)

Gra (1993) / Steep Steps (2001)

Henri Bok (1950)

Spanish from Heaven (2004) / Heiltoo (2008)

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

A orillas del Sar...

música galega para banda

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

JUAN MIGUEL ROMERO director

CANTIGAS E AGARIMOS coro

JOSÉ M. LÓPEZ "JOSELE" gaita

BEATRIZ e ALBERTO CANCELA

presentación

AUDITORIO DE GALICIA

DOMINGO 25 OUTUBRO 12.00

Froito do proxecto de recuperación do arquivo histórico da formación compostelá impulsado polo programa Descubriendo as nosas músicas, na primeira parte dedicada á música galega de finais do século XIX e principios do XX, poderemos gozar da inspiración que Rosalía de Castro supuxo no compostelán Pepe Curros (A orillas del Sar e Airiños da miña terra) e dun valse de Felipe Paz Carbajal. Dúas estreiras absolutas incluídas (Simón Couceiro e Mario Diz), xunto a recuperación dunha fantasía para banda e gaita do coruñés Antón Alcalde, conforman a segunda parte de autores actuais deste programa da Banda Municipal de Santiago de Compostela dedicado á música para banda de compositores galegos.

José Gómez Veiga "Curros" (1854-1945)

Airiños da miña terra** (1891)

Felipe Paz Carbajal (1850-1918): Invocación**

José Gómez Veiga "Curros" (1854-1945)

A orillas del Sar** (1915)

Simón Couceiro (1973): Tequexetêldere* (2015)

Mario Diz (1980): Tres pezas para banda* (2015)

Antón Alcalde (1992)

Exilieta (fantasía para banda e gaita) (2012)

* estrea absoluta
** recuperación do arquivo histórico da BMSC polo
programa Descubriendo as nosas músicas

ENTRADA LIBRE ATÉ COMPLETAR O AFORO

Black Angels

a catro # imaxes # espello...

CUARTETO BRETÓN

(1) PARANINFO DA UNIVERSIDADE

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA [20.30]

(2) IGREXA DA UNIVERSIDADE [21.30]

LUNS 26 OUTUBRO 20.30

Comprometida coa recuperación da música española e unha das formacións de cámara de maior reputación internacional, o Cuarteto Bretón propon-nos un programa cun cuarteto de corda, o cuarto, do madriño Alfredo Aracil –compositor residente do CNDM na tempada 2015-16 e dobre protagonista coa estrea absoluta nestas Xornadas de Siempre/Todavía– e obras de dous autores norteamericanos transcendentais na música da segunda metade do século XX, e ata hoxe.... O Cuarteto Bretón protagoniza un acontecemento como a estrea en España do Cuarteto de corda núm. 6 dun dos pais do minimalismo, Philip Glass, e unha obra de discurso antibelicista como Black Angels, concibida por George Crumb para unha pouco convencional instrumentación de cuarteto electrónico de cordas, vasos de cristal e percusión.

(1) Philip Glass (1937)

Cuarteto de corda, núm. 6* (2013)

Alfredo Aracil (1954)

Cuarteto 4 (Figura ante el espejo) (2010)

(2) George Crumb (1929)

Black Angels (1970)

*estrea absoluta
**estrea en España

CUARTETO BRETÓN

Anne Marie North violín

Antonio Cárdenas violín

Iván Martín viola

John Stokes violoncello

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

Fluvius Conscientia...

Austria # século XXI

CAMERATA OSG

FRANK STADLER violín / guitarra eléctrica

WLADIMIR ROSINSKIJ director

SALÓN TEATRO

MARTES 27 OUTUBRO 20.30

Boa mostra da riqueza creativa e variedade estética defendida por autores austríacos neste arranque do século XXI son as obras de Johanna Doderer, compositora cunha especial afinidade pola ópera de quen escoitaremos Mondsee (composición inspirada no fermoso lago e encarga do festival do mesmo nome), e de Hossam Mahmoud, activo compositor orixinario de Alexandria merecedor do Gran Premio das Artes de Salzburgo 2013. O versátil violinista Frank Stadler, mestre no Mozarteum, será protagonista destacado do concerto e da estrea absoluta dun autor moi vinculado a Galicia como Wladimir Rosinskij.

Wladimir Rosinskij (1962)

Epitafio (2003)

Concerto para violín e cordas** (2014)

Fluvius Conscientia 2* (2015)

Johanna Doderer (1969)

Mondsee** (2012)

Hossam Mahmoud (1965)

Salomon-Fragment** (2007)

*estrea absoluta
**estrea en España

CAMERATA OSG

Ludwig Durichen, Yana Antoian, Dominica Malec, Ben Smith,

Marcelo González, Rustan Asanov, Adrian Linares Reyes violín

Francisco Regozo, Karen Poghosyan viola

Rustana Prokopenko, Berthold Hamburger violoncello

Antonio Romero Cienfuegos contrabaixo

Wladimir Rosinskij viola eléctrica / batería

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

dentro dunha paisaxe

... música é música

FRANCESCO TRISTANO

piano

PARANINFO DA UNIVERSIDADE

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MÉRCORES 28 OUTUBRO 20.30

"Sr. Gershwin: a música é a música", esta frase de Alban Berg que fala da música como unha linguaxe universal, única e indivisible, podería resumir o ideal estético e musical de Francesco Tristano, singular intérprete, director e compositor, amante de Bach e do techno, que non deixa a ningún indiferente co seu particular, creativo e orixinal xeito de entender o deseño dun programa de concerto ou dunha gravación discográfica. Francesco Tristano non entende de fronteiras entre calquera dos estilos musicais que combina, sen ningún tipo de reparo nin complexo, nos seus programas. Música é música... comezando por un saúdo techno da súa autoría, o pianista luxemburgués seleccionou pezas de autores de referencia como Berio, Cage ou Ligeti, unha estrea absoluta dun investigador do son como Justin Messina e pezas propias que soarán como un todo nas súas mans.

Francesco Tristano (1981)

Hello (2007)

Nach Wasser Noch Erde (2007)

Luciano Berio (1925-2003)

Sequenza IV (1965/66)

Wasserklavier (1965)

Justin Messina (1980)

Abandon II * (2013)

John Cage (1912-1992)

In a landscape (1948)

György Ligeti (1923-2006) | Francesco Tristano (1981)

Metastaseis * (1953-54)

Enrique X. Macías (1958-1995)

Clamores y alegorías (1995)

Alban Berg (1885-1935)

Tres pezas para orquestra, op. 6 (1913-15)

* estrea absoluta
** estrea en España / versión para piano
de Francesco Tristano

GRATUÍTO PREVIA RETIRADA DE ENTRADA

clausura

tres pezas para orquestra

matemáticas # clamores # lirismo

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

ARTURO TAMAYO director

AUDITORIO DE GALICIA

XOVES 29 OUTUBRO 21.00

Tres pezas para orquestra... Fiel á súa habitual cita coas Xornadas de Música Contemporánea, a Sinfónica de Galicia ponse ás ordes dun nome de prestixio como Arturo Tamayo (compositor e director especialmente preocupado pola difusión da música contemporánea) para ofrecer un programa variado no que a música estocástica representada na figura de Iannis Xenakis (estrea en España da súa Metastaseis para 61 músicos) preludia a interpretación da póstuma Clamores y alegorías do alumno galego de Xenakis, Enrique X. Macías, e das poéticas, líricas e luminosas Tres pezas para orquestra escritas polo mestre da Segunda Escola de Viena Alban Berg nun dos seus grandes momentos.

Iannis Xenakis (1922-2001)

Metastaseis * (1953-54)

Enrique X. Macías (1958-1995)

Clamores y alegorías (1995)

Alban Berg (1885-1935)

Tres pezas para orquestra, op. 6 (1913-15)

* estrea en España

10 €

AdesTempo

Contos de sempre contados coma nunca
concerto para caixa de música e orquestra

ORQUESTRA DO ESPAZO DE CAMARA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MARIO DIZ director

narrador por confirmar

CGAC CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

DOMINGO 18 OUTUBRO 12.30

recomendado + 6 anos

Contos de sempre contados coma nunca... o novo proxecto do músico, mestre e compositor galego Mario Diz achega unha reinterpretación dos contos máis famosos da tradición popular coa música contemporánea como fío condutor. O eixe deste concerto de vocación didáctica que estrea a Orquestra do Espazo de Cámara da USC baixo a dirección do propio autor será a presenza dun instrumento solista moi especial, unha caixaña de música que, coa contribución do narrador, ten como obxectivo familiarizar aos máis cativos con estilos actuais da música orquestral e sinfónica.

Frankenstein!!

pan-demonium "macabro e humorístico"

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

JULIÁN HERNÁNDEZ chansonnier

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ director

AUDITORIO DE GALICIA

SÁBADO 24 OUTUBRO 18.30

recomendado + 10 anos

Frankenstein!! é teatro musical, cabaré, ópera... iso e máis. HK Gruber atravesas as barreiras entre xéneros seguindo a estela dos heroes de cómic e iconas cinematográficas que enchen os versos de H. C. Artmann. As fantasías infantís mestúranse con pesadelos de adultos na medida en que atopamos a Frankenstein, vampiras, a Superman ou a Batman, en situacións que van do macabro ao humorístico. A desmitificación de Artmann dos heroicos viláns ou dos vilanescos heroes, nuns textos que a primeira vista suxiren unha atmosfera inxenua e de inocente felicidade, atopan un paralelo musical na persistente alienación do son orquestral convencional mediante o recurso aos instrumentos de xoguete cuxo papel principal é musical máis que cómico.

resonancias en movemento

un espectáculo didáctico de danza e percusión

GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO

GRUPO DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOAN MONTES

ALBA FELPETE / ANA BELÉN

FERREIRO / RAQUEL GONZÁLEZ

/ JULIA PENADO coreografías

DIEGO VENTOSO dirección musical

XOAN-XIL LOPEZ

proxecto didáctico e presentación

SALÓN TEATRO

DOMINGO 25 OUTUBRO 19.00

recomendado + 12 anos

Duración, intensidade, altura e timbre: estes son os catro parámetros do son como fenómeno acústico considerados e estudados tradicionalmente, pero a estas catro calidades hai que engadirles unha máis, que toma vida e emerxe no contexto dunha sala ou espazo concreto, a resonancia. Resonancias en movemento é un espectáculo didáctico de música e danza para público xuvenil e familiar que reflexiona sobre as diferentes formas nas que a resonancia pode ser tratada e abordada, así como os reflexos que poden inspirar na danza. Música e danza camiñan xuntas na busca dunha sinerxía que converta sensacións paralelas (ondas sonoras e movementos) nun todo máximo.

ENTRADAS

Auditorio de Galicia (22 e 29 outubro): 10 euros

Cidade da Cultura (10 outubro)

CGAC (13, 16, 17 e 23 outubro)

Igrexa de San Domingos de Bonaval (14 outubro)

Teatro Principal (18 outubro)

Salón Teatro (20 e 27 outubro)

Igrexa da Universidade (24 e 26 outubro)

Paraninfo da Universidade (26 e 28 outubro)

entrada gratuíta previa retirada da entrada

no despacho de billetes do Teatro Principal

Afundación (19 outubro)

CGAC (21 outubro)

Auditorio de Galicia (25 outubro)

acceso libre até completar o aforo

AdesTempo

programación didáctica, infantil, xuvenil e familiar:

18 outubro (CGAC)

24 outubro (Auditorio de Galicia)

25 outubro (Salón Teatro)

gratuíto previa retirada da entrada

no despacho de billetes do Teatro Principal

HORARIO DE DESPACHO DE BILLETES

entradas gratúitas disponibles

a partir do 15 de setembro

Teatro Principal:

aberto de 18.00 a 21.00 h, de martes a sábado

CGAC:

entradas gratúitas para os concertos que se celebran no CGAC (13, 16, 17, 18 e 23 outubro) en horario de 11.00 a 21.00 h (luns pechado)

Cidade da Cultura (Punto On):

entradas gratúitas para o concerto inaugural da Orquestra de Cámara Galega (10 outubro, Cidade da Cultura) en horario de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h)

Paraninfo da Universidade / Igrexa da Universidade /

Igrexa de San Domingos de Bonaval / Salón Teatro:

o día de concerto dende 1 hora antes do inicio

Auditorio de Galicia:

o día de concerto a partir das 18.00 h

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2015

SANTIAGO DE COMPOSTELA
OUTUBRO'15

